



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Secretaría Xeral. Sección de Normalización Lingüística

Bases do Premio Escolar Francisco Tettamancy

ANUNCIO

Oficialía Maior

Sección de Normalización Lingüística

RP 9628 do 21/02/2022 de Aprobación das bases do Premio Escolar Francisco Tettamancy

PREMIO ESCOLAR FRANCISCO TETTAMANCY

A Deputación da Coruña convoca o Premio Escolar Francisco Tettamancy arredor da figura de Francisco Tettamancy Gastón (A Coruña, 1854 – 1921). Destinado aos centros de Educación Secundaria Obrigatoria con sede na provincia da Coruña, ten como obxectivo popularizar e divulgar, desde unha perspectiva lúdica e participativa, o legado da súa traxectoria entre a mocidade.

Escritor, colaborador en prensa e traballador da Deputación provincial, Tettamancy foi un dos principais personaxes do núcleo galeguista da Coruña e un dos protagonistas dos diferentes movementos do Rexurdimento cultural e político de Galicia desenvolto entre finais do século XIX e comezos do século XX. Membro fundador da Real Academia Galega e participante na xuntanza constituínte das Irmandades da Fala, foi un grande estudoso da historia galega. Ademais de asinar traballos sobre druidismo, celtismo e diversos elementos patrimoniais como a Torre de Hércules ou as Torres de Altamira de Brión, é autor de importantes investigacións arredor da Guerra de Independencia e da revolución de 1846, sendo autor do primeiro estudo sobre os Mártires de Carral e promotor do monumento que se elevou na súa memoria. Participante asiduo dos faladoiros de intelectuais da Cova Céltiga, foi tamén integrante da Real Academia Belas Artes de San Fernando.

Co fin de emular a efervescencia creativa da súa xeración, o concurso ten como finalidade promover entre o alumnado de secundaria o achegamento a súa pegada histórica a través da realización de intervencións artísticas, atendendo ao establecido nas seguintes

BASES

1.– OBXECTO

Coa intención de conmemorar e divulgar a vida do intelectual Francisco Tettamancy Gastón polo centenario do seu pasamento, así como de promocionar e difundir a historia galega e a creatividade visual entre a mocidade, a Deputación da Coruña convoca neste ano 2022 o Premio Escolar Francisco Tettamancy destinado á realización de intervencións artísticas no contexto da educación secundaria.

No marco deste Premio enténdese como intervención artística aquela produción de arte especialmente creada para a súa interacción cun espazo, situación ou contexto determinado.

2.– PREMIO

Concederase un único premio en metálico dotado cunha cantidade de 2.000 euros, impostos incluídos, para compra de material escolar, xunto coa entrega dunha distinción simbólica e un recoñecemento público.

O premio poderá quedar deserto e ser concedido con carácter ex aequo. Neste caso, o importe repartirase proporcionalmente entre os centros que resulten premiados. En ambos os dous casos, o premio está suxeito ás retencións legais que lle sexan aplicables.

A Deputación resérvase o dereito de modificar as condicións do premio en calquera momento, incluso anulalo ou deixalo sen efecto sempre que conorra causa xustificada, en todo caso comprométese a comunicalo pola mesma vía.

3.– FINANCIAMENTO

O Premio financiarase con cargo ao orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2022 na aplicación orzamentaria 0116/3344/481.

4.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste programa no BOP da Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL): <https://www.dacoruna.gal/dicoruna-subtel/>

Dado que a tramitación será telemática quen presente a candidatura deberá:

- Dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.
- Dispoñer de certificado dixital. A tramitación telemática, a través da plataforma SUBTEL, aplicaráse a todas as fases do procedemento, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación, así como os envíos de documentación que foran necesarios para tramitar os expedientes.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

A solicitude e toda a documentación virá asinada pola persoa que presenta a candidatura.

No caso de que a unidade xestora detecte calquera deficiencia na documentación achegada realizará requirimento ao centro educativo participante, para que a emende a través da plataforma SUBTEL, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde esta aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que a persoa que presente a candidatura non emende neste prazo, teráselle por desistida da súa solicitude.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar a integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Co fin de fomentar a cooperación no interior da comunidade escolar e evitar a competencia interna, cada centro poderá presentar un máximo de dúas propostas.

5.- DOCUMENTACIÓN QUE SE HA PRESENTAR

Os centros educativos interesados deberán presentar, dentro do prazo establecido, a documentación seguinte:

a) Aceptación dos compromisos da convocatoria (Anexo I), segundo o modelo dispoñible na plataforma telemática de SUBTEL.

b) Memoria da intervención artística (Anexo II), segundo o modelo dispoñible na plataforma telemática de SUBTEL. O documento deberá presentarse en formato PDF e o arquivo non poderá superar os 2MB de tamaño. Todos os centros participantes, con independencia do formato escollido para a intervención, incluírán na memoria aquela documentación fotográfica que acredite a realización da proposta e do seu programa de exhibición pública. No caso das propostas baseadas nas artes dixitais, será preciso, ademais do anterior, presentar as pezas realizadas. Para tal fin, os centros participantes poderán empregar Youtube e/ou sistemas de compartición de arquivos como Google Drive, Dropbox ou outros semellantes, incluíndo na memoria a ligazón de acceso ao arquivo subido.

c) Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no Premio.

d) Fotocopia do CIF do centro participante.

e) Impreso de comunicación de datos bancarios para o rexistro de terceiros para os efectos de domiciliación dos importes que procede aboar por parte da Deputación provincial. (No caso de que o impreso de comunicación de datos bancarios estea en poder da Deputación da Coruña e, sempre e cando non sufrise ningunha variación, non será necesaria a súa presentación).

6.- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Este concurso está dirixido ao conxunto dos centros educativos de Educación Secundaria Obrigatoria da provincia da Coruña e constará dunha única categoría, na que se contemplan os cursos de 1º a 4º de secundaria.

En todos os casos a participación por centro deberá ser colectiva. Os equipos deberán estar integrados polo alumnado de, cando menos, unha aula, e estar coordinados por, como mínimo, un/unha dos seus docentes, sendo esta persoa responsable da intervención.

7.- CARACTERÍSTICAS DAS INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS

Os centros educativos participantes deberán desenvolver un proxecto de intervención artística arredor da figura de Francisco Tettamancy. Valoraranse especialmente aqueles traballos que incorporen unha visión ampla do contexto da súa xeración ou atendan a acontecementos históricos aos que estivo vinculado, tanto de forma directa, como protagonista destes, como a través do seu estudo ou análise.

As devanditas accións creativas poderán empregar ou combinar calquera disciplina de expresión artística, como a pintura, a ilustración, a fotografía, o audiovisual, as artes escénicas ou a literatura, sen que esta enumeración se entenda como limitante. As intervencións poderán basearse nas artes plásticas (obxectos ou modificacións do espazo físico), nas artes vivas (representacións ou creacións escénicas, danza, performance, etc.) ou nas artes dixitais (videocreacións virtuais ou sonoras), sendo posible a combinación das tres modalidades nunha mesma proposta.

As intervencións que se presenten terán que ser orixinais e, por tanto, estar especificamente deseñadas para o concurso.

Todas as intervencións deberán contar cun plan de exhibición e socialización para difundir os resultados acadados entre, cando menos, a comunidade escolar do centro educativo implicado. Con este fin, será preciso realizar un acto de presentación ou exposición pública, do que se precisarán fotografías para acreditar a súa realización.

8.- LINGUA E LINGUAXE

O proceso de creación, execución e exhibición de todas as intervencións artísticas, as actividades que se realicen ao seu abeiro así como todo o material preciso para presentar a candidatura deberá realizarse en lingua galega e empregar unha linguaxe non sexista.

9.- COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a Presidencia da Deputación ou persoa en quen delegue e formarán parte del tres profesionais do ámbito da educación artística e unha representante de 7H Cooperativa Cultural.

As funcións de secretaría exerceraas o secretario da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue. Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición do xurado e a designación dos seus membros será aprobada por Resolución da Presidencia e darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

O procedemento de concesión dos premios tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co disposto nos artigos 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante a comparación por parte do xurado das candidaturas presentadas co fin de establecer unha prelación entre estas, de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases reguladoras, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración na aplicación dos citados criterios.

O xurado reunirse, de xeito presencial ou telemático, co obxecto de deliberar e poñer en común as puntuacións outorgadas a cada unha das candidaturas presentadas. A media aritmética das puntuacións establecidas por cada membro do xurado constituirá a puntuación final da candidatura.

10.-ACTUACIÓNS DO XURADO

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O xurado poderá solicitarlles aos centros educativos participantes, as aclaracións que considere necesarias para a avaliación das candidaturas.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O xurado presentaralle a súa proposta á Presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder os premios. A decisión do xurado será inapelable.

11.-VALORACIÓN DAS CANDIDATURAS

Os criterios de valoración que o xurado terá en conta para outorgar o premio basearanse nos seguintes criterios:

- a) Innovación: valorarase a aplicación dun enfoque innovador e lúdico na abordaxe contemporánea do legado histórico de Tettamancy (até 10 puntos)
- b) Creatividade e calidade artística: valorarase a orixinalidade no emprego das disciplinas creativas escollidas para o deseño e a execución da intervención, a multidisciplinaridade da proposta e a execución técnica (até 10 puntos).
- c) Colectividade: valorarase o desenvolvemento de dinámicas de creación que fomenten a cooperación e a participación colectiva e que impulsen a apropiación creativa do alumnado da temática obxecto do Premio (até 5 puntos).
- d) Transversalidade e sustentabilidade social: valorarase a capacidade da proposta para xerar diálogo entre a propia comunidade educativa e desta co contexto social a través de accións de educación artística que contribúan a difundir a intervención. Tamén se estimará o desenvolvemento das propostas desde criterios de sustentabilidade medioambiental e inclusión de alumnado con todo tipo de capacidades e/ou necesidades (até 5 puntos).

12.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

13.- PRAZO DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

O prazo de resolución e notificación aos centros educativos participantes, será o máximo disposto no artigo 25.4 da Lei xeral de subvencións, que establece que non poderá exceder de seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto na normativa da Unión Europea. Este prazo computarase a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A candidatura gañadora darase a coñecer nun acto de entrega de premios organizado pola entidade provincial no que se convidará a todos os centros educativos participantes, e onde se fará entrega de todas as distincións aos equipos premiados. As persoas participantes, ou representantes designadas para o efecto, deberán asistir, obrigatoriamente, ao devandito acto.

A concesión do premio realizarase mediante Resolución da Presidencia, a proposta motivada do xurado, que se lle notificará ao centro/s gañador/es.

14.-CAUSAS EXCEPCIONAIS

14.1. Desistencia ou renuncia

Unha vez presentada a solicitude e antes da concesión, os centros educativos participantes, poderán desistir da súa candidatura. A desistencia realizarase por escrito mediante a súa presentación a través da plataforma SUBTeL.

Se por motivos excepcionais, a candidatura gañadora renunciase ao premio no evento de entrega de galardóns, a candidatura que obtivera a seguinte puntuación máis elevada pasará a ocupar o seu lugar e así sucesivamente, no caso de acontecerse múltiples renuncias sucesivas.

En todo caso, a renuncia deberá ser presentada de forma expresa por escrito, a través de medios telemáticos, achegando un escrito de renuncia.

14.2. Reintegro

As entidades gañadoras poderán renunciar ao premio e realizar a autoliquidación como medio dispoñible para devolver voluntariamente o importe do premio percibido. Así mesmo procederá o reintegro no suposto de devolución da contía indebidamente percibida ou aquela que se estivese obrigado a reintegrar. Este suposto de devolución voluntaria do premio resultará de aplicación en calquera momento.

15.-INCUMPRIMENTOS E SANCIÓN

O incumprimento dos prazos na presentación das candidaturas ou da corrección da documentación correspondente se procede, suporá a consideración da candidatura como non presentada.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da candidatura, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nos supostos constitutivos de infraccións e as súas correspondentes sancións, aplicarase o disposto no “Capítulo IV: potestade sancionadora e procedemento sancionador” da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, publicada no BOP número 72 do 15 de abril de 2019.

16.-PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña e o encargado será a empresa contratada pola Deputación Provincial para coordinar o premio. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante lle outorga á Deputación Provincial coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao Premio por imposibilidade de tramitación da solicitude.

O destinatario dos datos é a Deputación Provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a súa portabilidade en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse perante as oficinas centrais da Deputación sitas na Av. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña ou ben a través de medios electrónicos, dirixindo un correo ao enderezo delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Pode consultar a política de privacidade da Deputación no enderezo [//www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacida](http://www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacida)

FOLLA DE ACEPTACIÓN DOS COMPROMISOS DA CONVOCATORIA (ANEXO I)

DATOS DO CENTRO PARTICIPANTE

Nome do centro		CIF
Enderezo	Enderezo de correo electrónico	
Localidade / Concello	Código postal	Teléfono
Nome e apelidos da/o directora/or do centro	Enderezo de correo electrónico e teléfono de contacto	
Persoa responsable do proxecto	Enderezo de correo electrónico e teléfono de contacto	
Título da intervención artística		
Alumnado participante (nº de alumnas e alumnos e de cursos implicados)		
Outros datos de interese		

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das bases.

Lugar e data _____

(sinatura da/o docente responsable do proxecto)

(sinatura da Dirección do centro)

MEMORIA DA INTERVENCIÓN ARTÍSTICA (ANEXO II)

1. Datos do centro

Nome do centro:	
Titularidade:	CIF:
Enderezo:	Teléfono:
Nome e apelidos da/o directora/or do centro:	Enderezo de correo electrónico e teléfono de contacto:
Nome e apelidos da responsable da intervención artística:	Enderezo de correo electrónico e teléfono de contacto:

2. Datos da proposta

Título da intervención artística:
Resumo (máx 2.000 caracteres):
Descrición da metodoloxía de traballo e das disciplinas artísticas escollidas (máx 2.000 caracteres):
Descrición das accións de difusión pública, tanto interna como externa (máx 2.000 caracteres)
Nº de alumnas e alumnos e de cursos implicados:
Ligazón de acceso ás fotografías da peza e do programa de exhibición:
Ligazón de acceso á intervención (no caso de pezas dixitais):

3. Outras observacións que considere importante ter en conta na valoración da intervención artística (máx 500 caracteres).

--

Lugar e data _____

(sinatura da/o docente responsable do proxecto) (sinatura da Dirección do centro)

2º Publicar as presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

3º Contabilizar o importe dos gastos derivados da convocatoria, que ascende a un total de 2.000 euros de acordo co seguinte detalle:

Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe	Documento contable RC
Premio	0116/3344/481	2.000,00	220220003586

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se opta por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 22 de febreiro de 2022

O PRESIDENTE

Valentín González Formoso

A SECRETARIA

Mª. Amparo C. Taboada Gil

2022/960